

ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO, INTEGRADA NO GRUPO "A", SUBGRUPO A1, DA SUBESCALA TÉCNICA, CLASE TÉCNICOS SUPERIORES, DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDA NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE.

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS A ANULACIÓN DA PREGUNTA 51 DO PRIMEIRO EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO TIPO TEST. DESESTIMACIÓN.

Dáse conta, pola Secretaria do tribunal, de dúas alegacións presentadas co mesmo contido, unha por dona Rosa María Loureiro Bada, rexistro de entrada 2021016931, e outra por dona Paula Boulosa Rodríguez, rexistro de entrada 2021016937, en data 23/04/2021, nas que solicitan que se manteña como pregunta válida do primeiro exercicio a pregunta 51 ao non existir ningunha razón que motive a anulación desta pregunta, sempre que sexa aceptada como válida a resposta correcta, c).

O Tribunal cualificador a vista da reclamación presentada, por unanimidade, fai as seguintes consideracións:

O Tribunal Cualificador, no exercicio das súas funcións, deberá manter o que establezan as bases da convocatoria.

A base 4ª das específicas que rexen o procedemento establece expresamente que *"facúltase ao tribunal para que poida poñer preguntas de reserva tipo test ata un máximo de dez, sen que implique a ampliación do tempo para a realización do exercicio. Estas preguntas substituirán, pola súa orde correlativa, a aquelas preguntas que, no seu caso, sexan obxecto de anulación despois da realización do exercicio"*.

A resposta marcada inicialmente polo Tribunal para a pregunta 51 foi incorrecta, polo que modificar a resposta sen mais supón alterar o contido do exercicio inicial que foi obxecto de exposición pública polo que a única solución posible para solventar o erro cometido é anular esa pregunta que, inda que estaba ben plantexada, tiña marcada a resposta incorrecta, e substituíla pola primeira pregunta de reserva.

En base ao anterior o tribunal, por unanimidade, acorda DESESTIMAR a reclamación formulada por dona Rosa María Loureiro Bada e dona Paula Boulosa Rodríguez, polos motivos expostos.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO. Reunido o Tribunal cualificador o 3 de maio de 2021 para proceder á cualificación do segundo exercicio (probos psicotécnicos), con base nos resultados facilitados polo persoal especialista designado para os efectos, as cualificacións obtidas polos aspirantes son as seguintes:

CÓDIGO	RESULTADO
0386	APTO
0396	APTO
0398	APTO
0399	APTO
0400	APTO
0401	APTO



Os aspirantes convocados para a realización do 2º exercicio que non figuran na listaxe anterior, non se presentaron, non trouxeron o código identificativo ou ben non superaron o exercicio (probas psicotécnicas), obtendo a cualificación de NON APTO, de conformidade co disposto na base 11ª das xerais do proceso e, en particular, a base específica 4ª.b).

RECLAMACIÓNS E RECURSOS

Contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados, neste caso, contra o segundo exercicio, probas psicotécnicas e, especialmente as cualificacións do proceso selectivo referido anteriormente poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA PARA O TERCEIRO EXERCICIO.- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, sito na rúa Michelena 30 (baixo) e de forma complementaria se publique na sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal), a relación cos aspirantes APTOS, convocándoos para a realización do **terceiro exercicio** obrigatorio e eliminatorio: desenvolvemento de catro temas determinados ao chou polo tribunal de entre os comprendidos na segunda parte do programa establecido na base quinta, o día **06 de maio, xoves, as 9.00 horas na Casa Verde, Centro Sociocultural de Salcedo, sito en rúa Igrexa 36 C, Salcedo, Pontevedra (ao lado do cemiterio de Salcedo). Coordenadas 42.410345-8.648373.**

